

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** ao respecto da parálise na execución de iniciativas no noso concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestas datas cúmprense a metade do mandato iniciado en 2015 cun goberno municipal en minoría de Nós Pobra. Durante estes dous anos foron moi numerosas as propostas presentadas polos grupos da oposición, nomeadamente as presentadas polo BNG-AA, en forma de mocións, solicitudes ou acordos, ademais de preguntas. En todos estes formatos, o BNG-AA presentou iniciativas relacionadas co desenvolvemento económico (dotación de chan industrial e espazos de coworking e a creación de postos de traballo, melloras no sector do mar, dinamización do comercio e a hostalaría, etc.), a dotación de servizos básicos (auga e saneamento, sanidade, ensino, etc.), o deseño dunha vila máis habitábel (creación de zonas 30 e plataforma única, desenvolvemento de medidas de rehabilitación e bolsas de aluguer, medidas de seguridade viaria no centro e no rural, sinalización, etc.), de carácter social (creación dunha rede de centros sociais, participación cidadá, xuventude, igualdade, protección ás vítimas de violencia de xénero, etc.), de carácter medioambiental (eliminación de especies alóctonas, protección da Corna, etc.), relacionadas coa nosa lingua e a nosa cultura (creación do SNL, difusión da obra de escritores e escritoras galegos, etc.). A esta longa lista poderíamos engadir numerosas propostas de mellora dos traballos do día a día (limpeza de rúas, de beiravías, mantemento de infraestruturas, etc.).

A maioría destas iniciativas foron aprobadas por unanimidade ou recollidas por escrito en acordos asinados polo goberno municipal e o BNG, mais case ningunha foi executada e as que o foron quedaron despois durmindo o sono dos xustos sen que se aproveitase debidamente o potencial das mesmas (véxase, por exemplo, o espazo de coworking, a participación cidadá, os centros sociais, etc.), cando non foron discutidas e negada a súa execución despois de ter votado a favor o goberno.

É por isto que, transcorrida a metade do mandato, o BNG-AA fai un balance profundamente negativo do que é a acción do goberno en minoría de NP que, alén de negarse e non executar as propostas aprobadas en pleno, amosou durante estes dous anos carecer de talante dialogante e capacidade de chegar a acordos coa oposición, maioritaria, chegando moitas veces a deixar a aprobación de investimentos importantísimos para o concello para o último minuto coa chantaxe de que recaería nesta oposición a responsabilidade de perder as subvencións, e outros dislates semellantes.

Por todo o exposto este concelleiro, en representación do Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. A corporación municipal reprobou a acción de goberno de NP durante estes dous anos de mandato.

2. A corporación municipal insta ao goberno en minoría de NP a executar os acordos plenarios.

A Pobra do Caramiñal, 12 de xullo de 2017



Asdo.: Ramiro Ouviaña Ouviaña,

Concelleiro do G. M. do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL